

prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación desta resolución no Boletín Oficial do Estado ou ata o momento do levantamento das Actas Previas á Ocupación correspondente, para o fin de que os interesados poidan formular por escrito, ante este Servicio Provincial de Estradas da Xunta de Galicia de Pontevedra, as alegacións que estimen pertinentes para o obxecto de enmendar posibles erros padecidos ó relaciona-bens afectados pola urxente ocupación.—O Enxeñeiro Xefe, Fausto Núñez Vilar. 7736

CANGAS

A N U N C I O

O Concello en Pleno en sesión de data 30 de Xullo de 2003, aprobou inicialmente o Regulamento do Servicio de aparcamento na Unidade 10, e someteuno a información pública por 30 días, mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da provincia de data 5 de Setembro de 2003. Non habendose presentado reclamación nin alegación algunha elevase a definitivo dito regulamento cuio texto transcribese de seguido

AYUNTAMIENTOS

V I G O

E D I C T O

De conformidade co disposto no Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades de lecer de 27 de agosto de 1982, e artigo 86 da Lei 30/92 de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, sométese a información pública durante o prazo de vinte días, o expediente tramitado a instancia de Teatro Ensalle SLL de licencia de obras de adaptación para “Escola de Teatro e Teatro”, na edificación sita na rúa Chile número 15 (Vigo)-baixo.

Vigo, 13 de outubro de 2003.—O Vicepresidente da Xerencia de Urbanismo, Mauricio Ruiz Ceniceiros. 8070

* * *

A CAÑIZA

A N U N C I O

Pola presente, e ó abeiro do disposto na Lei 39/88 Regulamentadora das Facendas Locais, e na Lei 5/97 de Administración Local de Galicia, e dentro do procedemento que se segue para a súa rendición, anúnciase que, a partir do día seguinte ó da publicación do presente anuncio, e durante 15 días, queda exposta ó público nas Oficinas do Concello a documentación correspondente á Conta Xeral do exercicio orzamentario 2002.

Durante os 15 días mencionados poderá ser examinada polos interesados dispoñendo, asemade deses quince días, de oito máis para facer as reclamacións, reparos ou observacións que se estimen oportunas.

A Cañiza, a 20 de outubro de 2003.—O Tte. de Alcalde, Manuel Gregorio Pérez. 8052

ORDENANZA REGULADORA DO SERVICIO MUNICIPAL DE APARCADOIRO SUBTERRÁNEO NA UNIDADE DE ACTUACIÓN Nº10 DAS PREVISTAS NAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DE CANGAS

TÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1.—OBXECTO

1.—O obxecto da presente ordenanza municipal é a regulación do servizo público do aparcadoiro subterráneo situado na unidade de actuación número 10 das previstas nas normas subsidiarias de planeamento de Cangas.

2.—O servizo público de aparcadoiro subterráneo prestarase en réxime de xestión indirecta, mediante concesión, na súa dobre modalidade de cesión temporal e rotación horaria de prazas de aparcadoiro.

ARTIGO 2.—ALTERACIÓN NA FORMA DE XESTIÓN

O disposto no artigo anterior non impedirá que por parte do Pleno do concello e ó abeiro do establecido na lexislación vixente, se poida acordar o rescate da concesión e a substitución do xeito de xestión por outro, xa sexa directo ou indirecto. En tales casos, e ata tanto se adapte a regulamentación do servizo á nova forma de xestión elixida, subsistirá a regulación contida na presente ordenanza, na medida en que o réxime da fórmula de xestión utilizada o permita, asumindo a persoa pública ou privada que pase a desenvolver a xestión do servizo a posición xurídica prevista nesta ordenanza para o concesionario, tanto nas súas relacións cos usuarios coma coa administración municipal titular do servizo, no seu caso.

A mesma solución será aplicable nos supostos en que, conforme á normativa vixente, se proceda á extinción ou resolución do contrato de xestión ou ó secuestro ou intervención temporal da concesión.

ARTIGO 3.—ADMINISTRACIÓN TITULAR DO SERVICIO

1.—A administración titular do servizo, calquera que sexa a súa forma de xestión, será o Concello de Cangas, que ostentará tódalas prerrogativas, dereitos e obrigas que se prevén na lexislación vixente así como, no seu caso, no prego de cláusulas económico-administrativas que rexa a concesión. En particular, o Concello de Cangas resérvase os poderes de policía necesarios para garantir a boa marcha do servizo.

2.—O Concello de Cangas é así mesmo o único titular do aparcadoiro subterráneo construído no subsolo da Unidade número 10 de Cangas, o cal constitúe o soporte material necesario para a prestación do servizo, coa condición de ben inmobile de dominio e servizo público local, inembargable, imprescriptible e inalienable.

Ademais, o concello ostentará o dereito de reversión de tódolos bens mobles e instalacións integrados no aparcadoiro subterráneo e directamente afectados á súa xestión, que a concesionaria instale para dita xestión. Durante o tempo de duración da concesión, tales bens mobles e instalacións serán propiedade da concesionaria.

ARTIGO 4.—CONCESIONARIO DO SERVICIO

1.—Ten a condición de concesionario do servizo a persoa física ou xurídica adxudicataria del ou que legalmente se subroga na súa posición, ostentando os dereitos e obrigas que lle atribúe a lexislación vixente, a presente ordenanza e o prego de cláusulas económico-administrativas que rexa a concesión.

2.—A condición de concesionario do servizo implicará a de concesionario demanial do aparcadoiro subterráneo, en virtude da cal o concesionario do servizo estará obrigado ó pagamento do canon correspondente á administración, na forma establecida no prego de cláusulas.

3.—Para tódolos efectos, a concesión demanial considerarase integrada na concesión de servizo da que trae causa.

ARTIGO 5.—USUARIO DO SERVICIO

1.—Ten a condición de usuario do servizo toda a persoa natural ou xurídica que acceda ó seu gozo en calquera das modalidades previstas na presente ordenanza.

2.—O Concello de Cangas ostentará a condición de usuario respecto das prazas que se reserve para o seu uso de acordo co prego de cláusulas administrativas, para os efectos só da observancia das normas de uso sen que teña que afrontar os gastos de conservación e mantemento correspondentes a ditas prazas. Idéntica regra se aplicará respecto das prazas das que o seu uso o concello poida adquirir

en réxime de cesión temporal conforme ó establecido na presente ordenanza.

Nembargantes o anterior, mediante acordo adoptado pola Comisión de Goberno o concello poderá destinar as prazas das que sexa usuario a outros usos distintos ó de estacionamento de vehículos, podendo autorizar a realización de obras de adaptación a tales usos das prazas, sempre que con iso non se prexudique a boa marcha do servizo nin os dereitos do resto de usuarios.

TÍTULO II

DOS MODOS DE PRESTACIÓN DO SERVICIO

ARTIGO 6.—DISPOSICION XERAL

1.—Establécense dúas modalidades de prestación do servizo: mediante cesión temporal e rotación horaria.

2.—O número de prazas destinadas a explotación en réxime de rotación horaria deberá ser , en todo momento, e como mínimo, equivalente ó 60% das prazas existentes no aparcadoiro.

As prazas restante poderan explotarse en réxime de cesión temporal

CAPÍTULO I

DA CESIÓN TEMPORAL

ARTIGO 7.—RÉXIME BASICO

Nesta modalidade, os usuarios adquiren un dereito de utilización das prazas por un certo tempo solicitando á concesionaria mediante o pagamento das tarifas correspondentes.

ARTIGO 8.—FORMULAS DE CESION TEMPORAL

A cesión temporal outorgarase pola concesionaria libremente a calquera terceiro que así o solicite, segundo as seguintes fórmulas:

- a) Cesión temporal por todo o período de concesión: Nesta modalidade cederase o uso das prazas de aparcamento por todo o tempo da concesión.
- b) Cesión temporal anual: O usuario adquire a posibilidade de utilizar a praza correspondente por un ano. Pode pactarse ata un máximo de 10 anos.
- c) Cesión temporal mensual: esta modalidade consiste na posibilidade de utilizar por un período dun mes. Ata un máximo dun ano.
- d) Cesión temporal diaria: por un período dun día. Nesta forma ten dereito a utilizala por un día completo. O período máximo será dunha semá.
- e) Cesión temporal nocturna: por un período dun mes que comprende entre as 22:00 horas e 9:00 horas do día seguinte ata un máximo dun ano.

Nas cesións temporais os prazos de vixencia entenderanse comezados ás cero horas do día fixado como inicial e concluírán ás vinte e catro horas do día final.

As semáns serán de sete días completos. Os meses computaránse de data a data cando non coincidan con meses naturais.

ARTIGO 9.—REQUISITOS DOS USUARIOS

1.—Poderá acceder á condición de usuario en réxime de cesión temporal calquera persoa natural ou xurídica, segundo o procedemento establecido nos artigos seguintes, sen que caiba ningunha discriminación na adxudicación de ditas prazas, sen prexuízo da aplicación dos criterios de preferencia establecidos na presente ordenanza para o caso de que o número de solicitudes sexa maior que o de prazas ofertadas.

2.—No caso de persoas físicas, presumirase a súa capacidade de obrar cando sexan maiores de idade, debendo acreditar tal capacidade ou actuar por medio de representante legal noutro caso.

3.—No caso de persoas xurídicas, acreditarán a súa constitución e capacidade xurídica e de obrar, así como a representación do solicitante, na forma que proceda en dereito.

ARTIGO 10.—PROCEDEMENTOS E CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

O dereito de cesión de uso temporal adquirirase polo seguinte procedemento:

- a) O iniciarse a prestación do servizo, o concesionario anunciará o número de prazas que se destinan a cesión temporal con indicación da fórmula elexida. A estes efectos publicaráo no taboleiro de anuncios do concello e nunha zona visible de aparcamento.
- b) As solicitudes presentaránse no lugar que designe o adxudicatario, que deberá concretar cando anuncie a oferta de prazas de cesión temporal.
- c) As solicitudes presentaranse nos modelos facilitados polo concesionario.
- d) Tódalas solicitudes, o recibirse polo concesionario poñeráselle a hora e día de presentación.
- e) As prazas adxudicaránse por riguroso orde cronolóxico de presentación das solicitudes, notificándollo ó solicitante para a formalización en documento privado do correspondente contrato de cesión entre concesionario da tarifa correspondente. Con carácter previo a dita formalización, a concesionaria poderá esixirlle ó usuario a exhibición do permiso de circulación do vehículo ou vehículos adscritos á praza que se cede.

O prazo de presentación de solicitudes manterase aberto durante o prazo que indique o concesionario cando faga a convocatoria ata a adxudicación da totalidade das prazas ofertadas.

Este procedemento repetirase cada vez que o concesionario queira utilizar calquera das fórmulas de cesión temporal.

En caso de que se extinga algunha modalidade de uso temporal ou resulte que quedou deserto, entón poderá dedicalo a rotación horaria.

ARTIGO 11.—CESION A TERCEIROS

1.—Os usuarios de prazas de aparcadoiro en réxime de cesión temporal poderán ceder a terceiros o seu dereito de uso.

O dereito será igualmente transmisible por causa de morte como nos supostos de sucesión de empresas.

2.—Nos supostos de cesión onerosa inter vivos,, establécese un dereito de tanteo e retracto en favor da concesionaria.

Nestes casos e con carácter previo á realización da cesión, comunicárase á concesionaria por parte do usuario que pretenda a cesión a súa intención de realizar dita transmisión, especificando o prezo. A concesionaria acusará recibo de dita comunicación e disporá dun prazo de quince días hábiles para exercitar o seu dereito de tanteo, manifestándollo por escrito ó usuario.

A omisión do deber de comunicación previa impedirá que a cesión poida desprezar efectos fronte á concesionaria e o concello, e posibilitará o exercicio do dereito de retracto.

3.—Nos supostos de cesión por mor de morte da persoa física usuaria, ou por sucesión de persoas xurídicas, adquirirana os causahabentes, ou os que os suceda na empresa comunicandoo, o concesionario.

4.—Toda cesión comunicárase por escrito á concesionaria, para a súa eficacia ante o concello

ARTIGO 12.—O DEREITO DE USO TEMPORAL EXTINGUIRASE POLAS SEGUINTE CAUSAS

- a) Pola extinción da concesión administrativa do servizo, ó transcorrer o prazo máximo da súa duración.
- b) Por mutuo acordo entre a concesionaria e o usuario.
- c) Polo non pagamento das cotas que lle correspondan en concepto de contribución a gastos comúns de mantemento, conservación, uso e reparación nos supostos a que se refire o artigo 14, cando dito impagamento abranga un período mínimo de tres meses.

A extinción do contrato, neste caso, deberá de ser declarada pola Comisión de Goberno do concello, a solicitude da concesionaria, logo do expediente contradictorio con audiencia do interesado.

ARTIGO 13.—SUCESIÓN DE USUARIOS

1.—Nos casos de falecemento do titular, os seus herdeiros ou causahabientes comunicarán a identidade do novo titular da praza. Mentres non se realice dita comunicación, os membros da comunidade de herdeiros responderán solidariamente das súas obrigas como usuarios da praza. Se transcorridos seis meses desde o falecemento do titular non se comunicara a identidade do novo usuario, a concesionaria poderá solicitar que a Comisión de Goberno do concello declare vacante a praza, logo do expediente contradictorio con audiencia ós interesados.

2.—Nos supostos de fusión ou absorción de persoas xurídicas, o contrato de cesión de uso permanente continuará coa entidade absorbente ou resultante da fusión, que quedará subrogada en tódolos dereitos e obrigas dimanantes del.

3.—Nos supostos de escisión ou aportación de empresa, a entidade beneficiaria do dereito de uso deberá de comunicalo ó concesionario. Ata tanto se realice dita comunicación, as entidades resultantes responderán solidariamente das súas obrigas como usuarias do servizo. Se transcorridos tres meses desde a escisión ou aportación non se comunicara a identidade do novo titular, poderase proceder do xeito previsto no apartado 1.

ARTIGO 14.—EFECTOS DA EXTINCIÓN DO DEREITO

1.—Extinguido o dereito ó uso temporal dunha praza de aparcadoiro, dita praza quedará vacante e poderase adxudicar novamente polo concesionario, cos mesmos requisitos establecidos para a primeira adxudicación, ou ben destinarse a súa explotación en réxime de rotación horaria.

2.—A extinción dos dereitos de uso permanente con anterioridade ó cumprimento do prazo polo que inicialmente se adxudicau, non dará dereito a ningunha devolución, salvo nos casos de extinción por mutuo acordo, en que se estará ó libremente pactado polas partes.

ARTIGO 15.—OBRIGAS ESPECÍFICAS DOS USUARIOS EN RÉXIME DE CESIÓN TEMPORAL POR TODO O TEMPO DA CONCESIÓN E ANUAL.

1.—Os usuarios en réxime de cesión temporal nas fórmulas indicadas contribuirán ós gastos comúns xurdidos da conservación, uso, reparación e mantemento do aparcadoiro, e en especial os que a seguir especifican:

- a) Os de seguridade e vixilancia, subadministración de auga, luz e análogos, servizos de rede de sumidoiros, limpeza, conservación, mantemento e reparación de instalacións.

- b) Os de persoal empregado pola comunidade de usuarios, con exclusión en todo caso do persoal contratado pola concesionaria para a explotación das prazas en réxime de rotación horaria, ou cesión temporal diaria, semanal, ou mensual, que serán de conta do adxudicatario en exclusiva.

- c) Os correspondentes ós tributos que teñan por obxecto o aparcadoiro, sen perxuízo de que o seu pagamento sexa esixido na súa integridade á concesionaria pola administración tributaria competente. Queda excluído o canon da concesión, que será de conta exclusiva do concesionario, que non poderá repercutir el nos usuarios.

- d) Calquer outro gasto común que puidese xurdir, sempre que derive da conservación, mantemento, uso ou reparación do aparcadoiro.

2.—Os usuarios indicarán na súa solicitude a matrícula e datos de identificación do vehículo do que ó seu estacionamento se vaia destinar a praza. Excepcionalmente, admitirase a designación de ata 3 vehículos, sempre que se acredite que os tres pertencen ó mesmo usuario, familiares directos, persoal asalariado do usuario ou socios se se trata dunha persoa xurídica. Nestes casos expedirase unha única tarxeta de uso para tódolos vehículos adscritos á praza, declinando a concesionaria toda responsabilidade ó respecto, resolvendo o usuario calquera conflito que puidese derivar do uso compartido da praza de aparcadoiro.

Para os efectos do presente artigo, entenderanse por familiares directos os que o sexan por consanguinidade en liña recta en tódolos graos e en liña colateral ata o cuarto grao, os que o sexan por afinidade nas mesmas liñas e graos e os cónxuxes entre si.

Nos supostos de cambio de vehículo á praza, deberán de comunicalo a nova á concesionaria, para os efectos de expedir unha nova tarxeta de uso cos datos do novo vehículo, anulándose a anterior.

Non se admitirá ó servizo a vehículos distintos ós adscritos á praza.

3.—Os usuarios en réxime de cesión temporal non poderán efectuar ninguha modificación na praza asignada, nin realizar nela ningún tipo de obra que altere a súa configuración, distribución ou implique o seu pechamento ou tapiado, nin tampouco delimitar a súa respectiva praza con ningún elemento, ifxo ou mobil. A única delimitación entre as prazas será a que representen as raias pintadas no chan. Tampouco se admitirán as construcións provisionais, nin o almacenamento ou depósito de obxectos de calquera índole.

O disposto neste apartado non será de aplicación ás prazas que se reserve o concello.

4.—Os usuarios haberán de consentir na súa praza as reparacións, usos e servidumes que esixa o mantemento, reparación e conservación do inmovible.

5.—Os usuarios en réxime de cesión temporal terán ademais as obrigas establecidas con carácter xeral para todo tipo de usuarios pola presente ordenanza.

**ARTIGO 16.—DEREITOS DOS USUARIOS
DE RÉXIME TEMPORAL**

Os cesionarios de ditas prazas non adquirirán ningún dereito respecto do aparcadoiro ou a concesión, á marxe do dereito de uso temporal, segundo a modalidade da cesión, da praza que ocupen e dos viais destinados á circulación interior, accesos peonais e de vehículos, e servicios, mentres teñan o seu vehículo estacionado no aparcadoiro, todo iso con suxección ás normas comúns de uso recollidas nesta ordenanza.

Os cesionarios terán libre acceso ás prazas que se lles asignaran durante a vixencia da súa relación coa concesionaria, a calquera hora e en calquera día. Para tal efecto, a concesionaria facilitaralles unha tarxeta de uso para acceder ó aparcadoiro.

**ARTIGO 17.—OBRIGAS ESPECÍFICAS
DE TÓDOLOS USUARIOS EN RÉXIME
DE CESIÓN TEMPORAL**

Ademais das obrigas comúns a todo usuario que se recollen no capítulo III deste título, os usuarios en réxime de cesión temporal estarán suxeitos as obrigas sinaladas no artigo 15, apartados 2, 3 e 4.

**CAPÍTULO II
DA CESIÓN EN RÉXIME
DE ROTACIÓN HORARIA**

ARTIGO 18.—RÉXIME BÁSICO

1.—Na cesión en réxime de rotación horaria, os usuarios adquiren o dereito a utilizar as prazas de aparcadoiro por horas ou fraccións de tempo inferiores, aplicándose as tarifas horarias propostas polo Adxudicatario e aprobadas polo Concello de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares, sempre e cando a utilización das prazas non exceda dun máximo de vinte e catro horas, e de ser superior, aplicaríase, en tal caso, a tarifa correspondente á cesión temporal.

2.—Os vehículos neste réxime de uso admitiranse por orde de chegada e dentro do horario de apertura do aparcadoiro fixado no capítulo III do presente título, sen que se poida rexeitar ningún vehículo mentres queden prazas libres distintas das reservadas á cesión permanente.

O tempo de acceder os garaxes, o cesionario retirará a correspondente tarxeta de acceso, que de-

berá de presentar para a súa liquidación, ben sexa esta automática nas instalacións de pagamento automatizado, ou se efectúe nas oficinas do concesionario, antes de retirar o seu vehículo, sen que poida procederse á retirada sen a liquidación previa e pagamento da tarifa correspondente.

En caso de perda da tarxeta de acceso, o cesionario deberá de pagar o importe correspondente ó tempo real de ocupación da praza, e como mínimo o correspondente a un día completo en réxime de cesión temporal.

3.—Unha vez aboada a liquidación, o usuario disporá dun prazo de quince minutos para retirar o seu vehículo do aparcadoiro. Pasado dito prazo, aboará a tarifa correspondente ó exceso de tempo transcorrido.

**CAPÍTULO III
NORMAS COMUNS DE USO**

ARTIGO 19.—OBRIGATORIEDADE

As normas comúns de uso que contén este capítulo serán de obrigado cumprimento para tódolos usuarios do servizo de aparcadoiro, calquera que sexa a modalidade de prestación.

ARTIGO 20.—OBRIGAS COMÚNS

Son obrigas comúns a tódolos usuarios as seguintes:

- a) Dedicar a estacionamento un único vehículo automóbil, prohibíndose destinalo a calquera outro fin ou actividade. A presenza ou permanencia de persoas nos vehículos será só con ocasión de acceder ou abandonar o vehículo.
- b) Usar o estacionamento na praza correspondente de xeito que non prexudique os dereitos dos demais usuarios.
- c) Estacionar os vehículos dentro do perímetro estricto de cada praza, sen presentar salientes nin invadir a superficie das demais, nin as zonas comúns de circulación e manobra.
- d) Non ocupar a praza, aínda que sexa temporalmente, con construcións provisionais ou con obxectos móbiles de calquera natureza, nin almacenar nelas materiais combustibles, inflamables ou explosivos.
- e) Manter permanentemente despexadas as zonas comúns e de circulación ou manobra, sen estacionar ou deterse nelas, nin depositar ningún obxecto. En especial, non se poderá estacionar nin deter, nin sequera temporalmente, o vehículo obstaculizando as saídas, sexan estas de vehículos ou de persoas, en particular as de emerxencia.
- f) Cumprir coa normativa que poida ser de aplicación e con cantas instrucións curse o

concello, a concesionaria ou o persoal ó seu servizo en materia de seguridade, vixilancia e salubridade, especialmente en situacións de risco.

- g) Deixar perfectamente pechado e asegurado o vehículo automóbil que estacione no aparcadoiro.
- h) Cumprir coas normas de circulación interior, respectando o contido dos sinais existentes, as marcas sobre os viais e as indicacións do persoal municipal ou da concesionaria, sen interromper nin obstaculizar a manobra dos demais usuarios.
- i) Exhibir a súa correspondente tarxeta de estacionamento cando así se lle requira por parte do persoal do aparcadoiro.
- j) Pór en coñemento do persoal ó servizo do aparcadoiro a causación, polo usuario ou persoas polas que deba responder ou por terceiros, de danos a outros vehículos ou ós bens e instalacións que integran o aparcadoiro, facilitando no primeiro suposto os seus datos persoais e os do seu seguro, e no caso de danos causados por terceiros a descrición dos feitos e, no seu caso, os datos de identificación do causante.

Igual deber de comunicación pesa sobre os usuarios en caso de roubo, furto, incendio e calquera outro feito análogo que presenciasen no interior do aparcadoiro.

ARTIGO 21.—HORARIOS

1.—O horario de acceso peatonal ó aparcadoiro será o seguinte:

- Sábados e festivos: desde as 8:00 horas ás 24:00 horas.
- Laborais: desde as 7:00 horas ás 22:00 horas, salvo os venres e vésperas de festivos, en que se prorrogará o horario ata as 24:00 horas.

Fóra de ditos horarios, os accesos peatonais permanecerán pechados, e o acceso ó aparcadoiro realizarase a través dos puntos que se fixen para o acceso nocturno, que estarán correctamente sinalizados.

2.—O horario de acceso de vehículos será libre, sen prexuízo de que durante as horas nocturnas o acceso de vehículos poida estar pechado por motivos de seguridade. Nestes casos, os usuarios en réxime de cesión permanente ou temporal accederán mediante a súa tarxeta de uso. Para os usuarios en réxime de rotación horaria habilitarase un timbre e un interfono mediante o cal poderán comunicar ó persoal do aparcadoiro a súa intención de utilizalo, ó obxecto de que dito persoal lles franquee o acceso.

TÍTULO III DOS DEREITOS E OBRIGAS DO CONCESIONARIO

ARTIGO 22.—DEREITOS DO CONCESIONARIO

Son dereitos do concesionario:

- a) O dereito ó mantemento do equilibrio financeiro da concesión, que implicará o dereito a ser compensado economicamente por razón das modificacións que a administración municipal poida ordenar introducir no servizo e que incrementasen os custos ou diminuísen a retribución.
- b) O dereito a ser indemnizado polo danos e prexuízos que lle ocasionase a asunción directa pola administración da xestión do servizo, se esta se producise por motivos de interese público, independentes de culpa do concesionario.
- c) O dereito a ser indemnizado polo rescate da concesión ou en caso de supresión do servizo.
- d) O dereito á revisión de tarifas ou a recibir compensación económica substitutoria, no seu caso, cando, aínda sen mediar modificacións no servizo, circunstancias sobrevidas ou imprevisibles determinasen, en calquera sentido, a ruptura da economía da concesión.
- e) O dereito a que por parte da administración concedente se lle outorgue a protección axeitada para que poida prestar o servizo debidamente. En particular, nos casos en que se detecte a presenza de vehículos abandonados no aparcadoiro, poderá solicitar que por parte do concello se retiren ditos vehículos e se proceda conforme ó que establece a normativa sectorial en materia de ordenación do tráfico de vehículos a motor ou tratamento de residuos sólidos urbanos, no seu caso.
Igualmente, nos casos en que os usuarios de prazas en réxime de cesión permanente ou temporal estacionasen vehículos non adscritos á praza conforme ó artigo 14.2, a concesionaria poderá solicitar que por parte da Alcaldía, e trala audiencia do interesado, se ordene a retirada de dito vehículo, así como que, en caso de desobediencia a dita orde, se proceda á súa retirada mediante execución subsidiaria.
- f) O dereito a percibir as tarifas establecidas pola prestación do servizo. Para tal efecto, o concesionario poderá solicitar da Corporación a utilización da vía de constrinximento para o cobramento das débedas que os usuarios contraeran en concepto de tarifas do servizo.

- g) O dereito a realizar contratos con terceiros para a colocación de publicidade no aparcadoiro subterráneo, sempre que os anuncios instalados non perturben de ningún modo a boa marcha do servizo nin supoñan un prexuízo ós dereitos dos usuarios ou ás condicións de seguridade do aparcadoiro. En todo caso, o concello resérvase o dereito de ordenar a retirada de dita publicidade, mediante orde motivada da Alcaldía e trala audiencia dos interesados, cando os anuncios instalados non se axusten ás condicións indicadas.
- h) Calquer outro que estabreza a lei e o prego de cláusulas administrativas particulares.

ARTIGO 23.—OBRIGAS DO CONCESIONARIO

Son obrigas do concesionario:

- a) Prestar o servizo obxecto da concesión nos termos establecidos no prego de cláusulas e na presente ordenanza.
- b) Aboar nos prazos establecidos o canon estipulado en favor do concello,
- c) Admitir ó goce do servizo a toda persoa que cumpra os requisitos regulamentarios.
- d) Informar con carácter trimestral ó concello sobre a marcha do servizo (número de vehículos que entran e saen, duración das estancias, cesións realizadas e calquera outra circunstancia) e puntualmente cando así se lle solicite.
- e) Dispoñer dun libro de reclamacións a dispor dos usuarios, foliado e dilixenciado polo secretario do concello, e dar conta inmediata á administración municipal de cantas reclamacións se produzan.
- Así mesmo, disporá dun exemplar da presente ordenanza.
- f) Responder ante terceiros dos danos que se poidan producir como consecuencia do funcionamento do servizo concedido, coas excepcións que establece o artigo 98 da Lei de contratos das administracións públicas.
- g) Responder ante o concello dos gastos derivados da xestión do aparcadoiro respecto ós que a administración municipal ostente a condición de acreedora, tales como taxas por abastecemento de auga, recollida de lixo e en xeral calquera tributo municipal cobrado como consecuencia da explotación do servizo ou a titularidade da concesión demanial, sen prexuízo de que tales gastos poidan ser repercutidos sobre os usuarios en réxime de cesión permanente.

TÍTULO IV DAS TARIFAS

ARTIGO 24.—NATUREZA E FIXACIÓN

1.—As tarifas que percibirá o concesionario pola prestación do servizo en calquera das súas modalidades terán a condición de prezos privados, conforme o establecido na lexislación reguladora das facendas locais.

2.—As tarifas serán ofertadas polos adxudicatarios e aprobadas polo Pleno cando adxudique o Contrato, tendo o carácter de iniciais. A modificación e a revisión esixirá a previa aprobación municipal. Non obstante, o concesionario poderá proceder á súa revisión automática anual conforme ó IPC logo da comprobación do Concello. A aprobación das tarifas anualmente corresponderalle o Pleno, que se producirá no mes de Xaneiro. Nela terán o carácter de inicial, sendo obxecto de revisión de acordo co índice de prezos a consumo nacional, tendo que aprobar O Pleno esa revisión no mes de xaneiro. O Pleno deberá autorizar a súbida como mínimo conforme o IPC.

ARTIGO 25.—TARIFAS ESPECIAIS

O Pleno do concello poderá fixar tarifas especiais por razóns de índole benéfico-social, en favor daqueles suxeitos en que concorran circunstancias que así o xustifiquen.

Cando o establecemento de tarifas especiais implique unha alteración do equilibrio económico e financeiro que rexe a concesión, acordarase a oportuna subvención compensatoria en favor do concesionario.

ARTIGO 26.—OBRIGA DE PAGAMENTO

A obriga de pagar a tarifa nace desde que se inicia a prestación do servizo.

Nos supostos de cesión permanente ou temporal, aboarase a tarifa completa ó inicio da prestación, sen prexuízo do que libremente pacten a concesionaria e os usuarios.

No réxime de rotación horaria, procederase ó pagamento con anterioridade á retirada do vehículo e como requisito para efectuar dita retirada.

Artigo 27.—Vía de constrinximento.

As débedas dos usuarios coa concesionaria correspondentes a tarifas pola prestación do servizo poderán esixirse pola vía de constrinximento, conforme ó establecido no artigo 22, f).

ARTIGO 28.—LUGARES DE EXPOSICIÓN DAS TARIFAS E INCREMENTO

1.—Os importes das tarifas incrementaranse co imposto sobre o valor engadido, que se repercutirá conforme ó tipo impositivo vixente en cada momento.

2.—O cadro de tarifas vixente estará permanentemente exposto ó público no aparcadoiro, de xeito que sexa perfectamente visible. O cadro de tarifas exposto especificará os importes que correspondan á repercusión do IVE

ARTIGO 29.—CADRO DE TARIFAS

As tarifas serán ofertadas polos licitadores e aprobadas polo Pleno de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares.

TÍTULO V
DAS RECLAMACIÓNS DOS USUARIOS

ARTIGO 30

Os usuarios poderán presentar cantas reclamacións estimen pertinentes en relación ó funcionamento do servizo de aparcadoiro, utilizando para iso o libro de reclamacións ou directamente perante o concello.

Corresponderá á Comisión de Goberno a resolución de ditas reclamacións, trala audiencia dos interesados. Os acordos da Comisión de Goberno seralles de aplicación o réxime xeral de recursos propio dos actos administrativos locais.

DISPOSICIÓN ADICIONAL
RÉXIME SUPLETORIO

No non establecido na presente ordenanza establece ó previsto no prego de cláusulas que rexa a concesión así como ó disposto con carácter especial na normativa que rexe os servizos públicos e contratos administrativos locais e con carácter xeral na lexislación de réxime local.

DISPOSICIÓN FINAL
1ª.—ENTRADA EN VIGOR

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez se publique o acordo definitivo de aprobación ou o inicial elevado automaticamente a definitivo, no seu caso, xunto co seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, ó día seguinte a aquel en que se cumpra o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Cangas a 16 de outubro do 2003.—O alcalde,
José Enrique Sotelo Villar. 7922

* * *

PONTEAREAS

E D I C T O

Solicitando desta Alcaldía don Manuel Costas Besada, e.r. Talleres Besada S.L., licencia municipal para a apertura de “Ampliación actividad taller de reparación de automóviles en rama eléctrica”, a situar en A Ponte, Ponteareas, cumprindo o disposto no parágrafo a), do número 2 do art. 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas do 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por período

de dez días hábiles, coa fin de que durante o mesmo —que comezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edito no Boletín Oficial da provincia—, poidan examinalo expediente na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar, e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Ponteareas, a 9 de outubro de 2003.—O Alcalde,
ilexible. 7974

* * *

M O S

Pola Alcaldía, o día da data, dictouse a seguinte:

“RESOLUCIÓN SOBRE DELEGACIÓNS
EN SEÑORES CONCELEIROS.
MODIFICACIÓN RESOLUCIÓN ANTERIOR

Na resolución desta Alcaldía de 22.09.03 efectúanse unha serie de delegacións xenéricas ou de áreas en diferentes Srs. Concelleiros.

Considerando que, segundo os arts. 61 da Lei galega 5/1997 e 43 do RD 2568/1986, as delegacións de área tan só poderán efectuarse en membros da Comisión municipal de Goberno, procede rectificala devandita resolución.

Polo tanto, e en virtude das facultades conferidas polos arts. 21 e 23 da Lei 7/1985; 61 da Lei galega 5/1997 e 41 e 43 do RD 2568/1986, e de conformidade co réxime previsto nos arts. 114 e seguintes do RD 2568/1986,

Resolvo.—Modifícala resolución de delegación de competencias en Srs. Concelleiros adoptada a 22.09.03, exclusivamente no que atinxe ós seguintes extremos:

1.—Exténdese a delegación xenérica ou de área efectuada a favor de don Xosé Manuel Martínez Ojea, na Área de Contas, Economía e Facenda, á Área de Vías e Obras, parques e xardíns. Esta delegación seguirá a cubri-lo conxunto de atribucións establecidas na resolución desta Alcaldía do 22.09.03.

2.—Establécese, non obstante, unha delegación especial relativa ós servizos de Vías e Obras, parques e xardíns, a favor de don Xosé Carlos Cabaleiro Romero.

Don Xosé Manuel Martínez Ojea, en canto Concelleiro Delegado da Área, terá a facultade de supervisar a actuación do Sr. Cabaleiro Romero, quen restrinxirá o contido da súa delegación á dirección interna e xestión dos servizos correspondentes, sen incluí-la facultade de resolver mediante actos que afecten a terceiros.